

# Climograma


## Que é?

O climograma é unha gráfica onde se reflicten os datos de **temperaturas medias mensuais** e **precipitacións totais mensuais** dun lugar ao longo dun ano.

## Para que vale?

Para analizar as **características do clima** dun lugar en canto ao réxime de temperaturas e precipitacións:

- se é un clima cálido ou frío,
- se ten temperaturas suaves ou extremas,
- se é seco ou húmido,
- se ten épocas de aridez, etc., etc.



# Climograma


## Como se constrúe?

Podemos construír un climograma nun papel milimetrado ou cuadriculado. Iremos usar este último, que é o que temos nos nosos cadernos. Os pasos son os seguintes:

- 1 Trazamos unha liña horizontal de 12 cadros, que se corresponderán cos 12 meses do ano. En cada un poñemos a inicial do mes correspondente.
- 2 No extremo esquerdo desta liña marcamos unha liña vertical para as temperaturas cunha frecuencia de 5°C cada cadro. Debemos ter en conta que se hai temperaturas inferiores a 0°C, a liña vertical continuará cara abaixo.
- 3 No extremo dereito da liña horizontal, marcamos outra liña vertical para marcar a cantidade de precipitacións, cunha frecuencia de 10 l/m<sup>2</sup> cada cadro.


Antes de facer as liñas verticais, ten en conta a T máxima e a precipitación máxima, para deixar no teu caderno o espazo suficiente. Seguindo os datos que nos dan:

- 4 Marca un punto en cada mes á altura que corresponda á súa temperatura. Unha vez marcadas todas, úneas cunha liña de cor vermella.
- 5 Fai unha barra de cor azul en cada mes cos datos da precipitación total mensual que lle corresponda.



# Como se fai o comentario dun climograma?

Debemos *analizar dous tipos de datos: temperaturas e precipitacións*, para así deducir o tipo de clima e o medio natural.



## Temperaturas:

- 1) Se son cálidas, temperadas ou frías.
- 2) En que época son as máximas e as mínimas.
- 3) Como é a diferenza entre elas (Amplitude térmica), co que podemos observar tamén se hai estacións diferenciadas polas temperaturas ou non.

## Precipitacións:

- 1) Se son abundantes ou escasas.
- 2) En que época son as máximas e as mínimas, é dicir, en que épocas chove máis e en cales menos.
- 3) Existencia ou non de aridez, é dicir, de meses secos (e cantos son). É moi fácil identificalos: basta con ver que barras das precipitacións están por debaixo da liña das temperaturas.

